



## Curso "Cando o mundo tarda en aparecer. Conversacións sobre a vida tras o intento suicida"

|                        |  |
|------------------------|--|
| <b>DOCENTE</b>         | Jorge Ayala.   |
| <b>ORGANIZA</b>        | Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM'S da Sección de Psicoloxía da Intervención Social.  |
| <b>COORDINAN</b>       | María Jesús López Agra (G-1362) e Cristina García Núñez (G-3445).  |
| <b>DURACIÓN</b>        | 4 horas.   |
| <b>DATAS E HORARIO</b> | Xoves, 10 de novembro de 2022.<br>De 16:00 a 20:00 horas.  |
| <b>MODALIDADE</b>      | Online. Plataforma de teleformación Moodle do COPG e Zoom.   |
| <b>PRAZAS</b>          | 30.  |
| <b>PREZO</b>           | <p>Membros da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.....Gratuíto</p> <p>Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de Psicoloxía ou do Máster de Psicoloxía de Intervención Social.....15,00€</p> <p>Psicólogos/as colexiados/as.....30,00€</p> <p>Psicólogos/as non colexiados/as.....60,00€</p> |

\*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:  
[https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas\\_formation\\_para\\_colexiados\\_e\\_colexiadas.pdf](https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formation_para_colexiados_e_colexiadas.pdf)



## Curso "Cando o mundo tarda en aparecer. Conversacións sobre a vida tras o intento suicida"

### PROGRAMA

- O falar e as conversacións como expresións da nosa humanidade.
- Esperanza na escuridade.
- As preguntas guiando o traballo.
- Procesos reflexivos e de recuperación.
- Da crises á creatividade.
- Narrativas impulsadoras de cambio.
- Linguaxe e novas realidades.
- Procesos de organización na terapia.
- Ferramentas de indagación e cocreación de coñecementos.
- Ritmos e tempos adaptativos.
- O enfoque da conversación.

### OBXECTIVOS

- Coñecer os principios da terapia breve centrada en solucións en situacións de risco suicida.
- Descubrir como aplicar estes principios na conversación usando diferentes ferramentas para construír solucións.
- Aprender a colaborar para que as persoas poidas descubrir os seus coñecementos, recursos e habilidades coas que responden a vida no presente, representando accións útiles para o futuro, afrontando a ideación suicida.
- Desenvolver unha indagación que fortaleza a representación persoal dando o salto de "que anda mal e produce dor" ao "que anda ben e produce un coñecemento útil para a vida".

### METODOLOXÍA

A sesión desenvolverase en directo e a modalidade é participativa. Requírese manter a cámara activa e o micrófono en disposición de ser aberto para participar en exercicios de role playing.

Usaremos sesións reais de terapia para analizar e comprender como se incorpora a teoría na práctica.

O desenvolvemento da clase pode ser gravado pero é necesario deter a gravación nos momentos que se emita a sesión de terapia por asuntos de confidencialidade.



## Curso "Cando o mundo tarda en aparecer. Conversacións sobre a vida tras o intento suicida"

### DOCENTE

#### JORGE AYALA

Psicólogo e psicoterapeuta. Estudou o Máster en Psico-Oncoloxía na Universidade de Valencia e unha Diplomatura en Antropoloxía Visual no Centro da Imaxe.

Comprometido co seu traballo e misión de axudar ás persoas a crecer e facer un bo traballo, Jorge acompaña a profesionais a transformar, escalar e expandir a súa propia práctica usando a Terapia Breve centrada en solucións desde fai 16 anos, compartindo activamente o seu traballo en redes sociais e a súa propia escola en liña. O seu último proxecto é insoo, unha comunidade que reúne máis de 100 terapeutas interesados na súa formación continua en Terapia Breve centrada en solucións.

### INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG ([copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN N° ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os membros da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

**Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.**

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

**Último día de inscrición:** 2 de novembro de 2022.